

A literatura galega entre 1916 e 1936

(3)

A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)

- 1.- Introducción: contexto histórico e liñas xerais da literatura deste período
- 2.- A prosa galega: Irmandades e grupo Nós
 - 2.1.- Grupos de autores e constantes temáticas
 - 2.2.- Os narradores das Irmandades
 - 2.3.- O grupo Nós
 - 2.3.1.- Características do grupo
 - 2.3.2.- Vicente Risco
 - 2.3.3.- Otero Pedrayo
 - 2.3.4.- Castelao
 - 2.4.- Os novecentistas. Rafael Dieste
 - 2.5.- O ensaio e o xornalismo
- 3.- Antoloxía de textos

1.- Introducción: contexto histórico e liñas xerais da literatura deste período

O inicio do século XX vén marcado por unha serie de importantes transformacións económicas e sociais. Comeza a desaparecer a fidalguía rendista que acaparaba a propiedade das terras, a medida que se vai consolidando unha burguesía industrial e financeira. O desenvolvemento acelerado da industria e do sector dos servizos provoca o crecemento das cidades galegas e un progresivo éxodo cara a elas da poboación rural.

A nivel sociolingüístico, o galego continúa a ser a lingua claramente maioritaria da poboación, aínda que vinculada case exclusivamente aos sectores rural e mariñeiro. O castelán é o idioma hexemónico da sociedade e acapara os ámbitos formais de uso. O nacemento do movemento nacionalista marcará un importante camiño de defensa, promoción e dignificación da lingua galega e a proxección desta a sectores nos que aínda non tiña presenza. Reclama unha autonomía política para Galiza e a oficialización do galego. Ao redor del moveranse os principais grupos de autores da literatura deste período, o das Irmandades da Fala e o do grupo Nós.

En canto á prosa, destaca de xeito sobresaínte a achega dos homes do **grupo Nós**, que producen as primeiras novelas modernas da literatura galega e dan lugar ás primeiras mostras do ensaio en galego.

2.- A prosa galega: Irmandades e grupo Nós

2.1.- Grupos de autores e constantes temáticas

No primeiro terzo do século XX, sobre todo a partir de 1916, é cando nace e se consolida a narrativa contemporánea en lingua galega. Este feito é posible grazas á aparición dun espazo político e cultural de carácter galeguista, impulsado polas **Irmandades da Fala**, e á creación de infraestruturas editoriais que permiten o acceso ao libro escrito en galego dun número importante de lectores.



Neste período conviven **catro grupos de autores**:

- o dos narradores continuadores dos modelos do s. XIX,
- o dos narradores das Irmandades,
- o dos narradores do Grupo Nós e
- o dos narradores novecentistas.

Se ben desde o punto de vista formal non hai grandes innovacións estruturais, a nivel temático obsérvase un notable enriquecemento dos contidos literarios. Xunto a temáticas máis tradicionais como os aspectos etnográficos, o mundo da emigración, o celtismo ou a reivindicación identitaria e de compromiso social, aparecen outras máis innovadoras, como a reconstrución histórica, o humorismo e o esoterismo (moitos relatos sobre o mundo de ultratumba) ou as narracións fantásticas en xeral.

2.2.- Os narradores das Irmandades



Paralelo ao labor dos continuadores do século XIX (no que destacan **Francisca Herrera Garrido** e **Manuel García Barros**) e con características semellantes a eles, encóntrase **o grupo das Irmandades**. Cultivan principalmente a poesía e o teatro, pero algúns deles tamén desenvolven unha interesante actividade narrativa.



O máis importante é **Xosé Lesta Meis**, autor de tres obras narrativas: **Manecho o da rúa**, **Estebo** e **Abellas de ouro**. Nelas reflicte a súa experiencia persoal, especialmente a de emigrante en Cuba. Ofrece unha prosa simple e sen artificios, de doada lectura, que tivo un gran éxito popular


na época.

Outro autor salientable á **Leandro Carré Alvarellos**. Vinculado desde a súa creación ás Irmandades, é o fundador da **editorial Lar**, na que



publicaron os autores máis importantes deste período. Destaca tamén como dramaturgo. A súa obra narrativa máis relevante é **Nai**.

2.3.- O Grupo Nós



2.3.1.- Características do grupo

O grupo créase en 1920 arredor da **revista Nós**, que lle dá nome e que é un referente cultural fundamental até 1936. Está constituído polo denominado grupo de Ourense: **Vicente Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas**. Con eles colaboran un gran número de autores, entre os que destacan **Castelao e Losada Diéguez**. Todos eles...

- nacen na década de 1880,
- comparten o proxecto das Irmandades,
- colaboran no Seminario de Estudos Galegos e
- conflúen no Partido Galeguista.

Desempeñan un importante labor na **defensa do galego**. O grupo esfórzase por sacar a cultura galega do folclorismo e do influxo da cultura castelá, tentando, por un lado, modernizala, tirándolle o exceso de localismo, ruralismo e costumismo que até entón a caracterizaba e, por outro lado, universalizala, ao poñela en contacto directo coas ideas e os movementos culturais vixentes en Europa. Para tal fin, acollen nas páxinas da revista *Nós* traducións, informacións ou noticias do que se fai noutras literaturas, ao tempo que se preocupan por todos os aspectos da cultura galega. Con eles, o galego logra a súa madurez literaria e é empregado en obras de carácter científico de todo tipo (historia, etnografía, arqueoloxía, filosofía, socioloxía...), ademais de consolidarse en xéneros até entón pouco cultivados, como a narrativa e o ensaio. De feito, poden considerarse os **creadores da moderna prosa galega**. Ademais, presentan unha serie de **características** comúns:

- Rexeitan a sociedade en que viven e adoptan unha postura de elitismo intelectual. Decláranse **inadaptados** a esa sociedade mediocre e individualistas.
- Teñen procedencia social **acomodada** e unha rigorosa formación intelectual.
- Experimentan unha **evolución ideolóxica** semellante, que os leva desde o individualismo e a minorización da cultura galega con respecto ás manifestacións culturais europeas cara a unha progresiva identificación e defensa dos ideais do Galeguismo, até convertérense nos principais ideólogos e defensores do nacionalismo.
- Presentan unha ideoloxía que sintetiza o tradicionalismo e o pensamento progresista e liberal.

2.3.2.- Vicente Risco



É un escritor dunha gran singularidade que centra o seu interese, por un lado, na tradición etnográfica galega (costumes, lendas, actividades tradicionais) e, por outro lado, no desenvolvemento de temáticas relacionadas co esoterismo e as culturas alleas e no coñecemento e divulgación das novidades estéticas do seu tempo.

Presenta unha evolución ideolóxica contraditoria, que se plasma nas seguintes **etapas**:


- **Etapas pregaleguista**, previa ao ingreso nas Irmandades. Dirixe a publicación de expresión castelá **La Centuria**. Mostra unha actitude cosmopolita e individualista, afastada da realidade galega.
- **Etapas galeguista**. Convértese nun dos principais teóricos do nacionalismo (publica **Teoría do nacionalismo galego**) e desenvolve un gran labor literario e político.
- **Etapas nacional-catolicista**. Afástase do Galeguismo e retoma a actitude individualista do inicio, chegando a mostrarse tolerante co réxime franquista.

Como narrador, é autor de **sete relatos breves** e **unha novela**. Nalgúns relatos ofrece temáticas relacionadas coa etnografía, como **O lobo da xente**, no que trata o mito da licantropía, ou **A trabe de ouro e a trabe de alquitrán**, no que aborda a tradición das lendas de mouros. Outros relatos veñen marcados por temáticas moi apartadas da realidade galega, como **Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros**, narración fantástica na que trata o mundo de ultratumba e mostra o seu interese polo ocultismo.

A súa obra narrativa máis importante é **O porco de pé**, unha novela de carácter satírico cun compoñente moi forte de crítica social. Nela, narra a historia do inexplicábel ascenso de don Celidonio, personaxe materialista, vulgar e inculto, até a alcaldía da cidade. Supón unha crítica feroz da degradación da sociedade burguesa que só vive pendente do diñeiro. Tamén aproveita para burlarse dos intelectuais acomodados, como o doutor Alveiros, contrapunto de don Celidonio, encarnación do intelectual sensíbel e culto, que acaba cedendo ante a presión das aparencias e da riqueza. O estilo da novela destaca pola riqueza e variedade da linguaxe, o sarcasmo, a ironía, a hipérbole e o emprego de enumeracións acumulativas.[\[V. texto 18\]](#)



2.3.3.- Otero Pedrayo




É un dos autores máis prolíficos da literatura galega. Cultiva todos os xéneros e destaca polo seu saber enciclopédico e a súa oratoria privilexiada. É especialmente importante a súa obra narrativa, con títulos como ***Os camiños da vida*** e ***Arredor de si***. De familia fidalga, culta e liberal, comeza a súa actividade cultural en Ourense, onde colabora con Risco e Cuevillas na publicación *La Centuria*.

Ao igual que os seus compañeiros do Grupo Nós, toma conciencia da problemática do país e ingresa nas filas do Galeguismo. Coordina a Sección de Historia do SEG, participa nas Irmandades e é elixido deputado polo Partido Nacionalista Republicano en 1931. Posteriormente participará activamente na fundación da editorial Galaxia.

A súa obra narrativa componse de **sete novelas, catro relatos curtos e dous libros de contos**. Caracterízase por unha defensa da sociedade galega tradicional, moi vinculada á súa condición fidalga (gran parte da súa vida pasouna no pazo familiar de Trasalba). Relacionado con isto, cómpre salientar o seu gusto pola descrición emocional da paisaxe galega. Por outro lado, destaca pola súa temática europeísta e polo interese pola análise psicolóxica dos personaxes. A nivel estilístico, o máis relevante é a súa preferencia polos períodos longos, a expresión barroca e o léxico enxebrista. A narrativa de Otero pode clasificarse en dous grandes apartados:

a) **Narracións históricas**. Dentro deste grupo encóntranse ***Pantelas***, ***home libre***, ***O mesón dos ermos*** e ***Os camiños da vida***. Esta última é unha das grandes achegas de Otero á literatura galega. Narra, cunha certa visión nostálgica, a decadencia de dúas familias nobres do século XIX, que simbolizan o traspaso de poder da fidalguía rural á nacente burguesía urbana; e, con iso, a desaparición da sociedade rural tradicional galega, dominada polos fidalgos e polo clero. Consta de tres partes: “Os señores da terra”, “A maorazga” e “O estudante”.

b) **Narracións psicolóxicas**. Dentro deste grupo encóntranse ***Escrito na néboa***, ***Devalar*** e ***Arredor de si***. Esta última obra, fundamental na narrativa de Otero, é unha novela de tese, con vocación de ensaio, que plasma a evolución do Grupo Nós. A través do seu protagonista, Adrián Solovio, áter ego do autor, narra o proceso de concienciación galeguista experimentado por Otero e os seus compañeiros de grupo.[\[V. texto 20\]](#)



2.3.4.- Castelao



A pesar de formar parte activa da empresa colectiva de Nós, Castelao presenta diverxencias considerábeis a respecto dos membros do grupo: fronte á procedencia social acomodada, o pensamento de base cristiá, a visión tradicional do pasado e o culturalismo elitista dos membros do grupo de Ourense; Castelao caracterízase, respectivamente, por presentar unha extracción social popular, un pensamento laico, unha visión progresista do mundo e un compromiso activo coas clases populares.

Castelao é un autor cuxa importancia reborda os límites da literatura. Desenvolve un labor político fundamental na organización do nacionalismo galego e na defensa da lingua galega e das liberdades sociais. Traballa nas Irmandades da Fala e no Seminario de Estudos Galegos e é un dos fundadores do Partido Galeguista, polo que é elixido deputado nas Cortes de Madrid en 1931 e 1936. Redacta e promove o Estatuto de Autonomía para Galiza, que será referendado en plebiscito en 1936. Durante a guerra e a ditadura, defende desde o exilio americano a causa republicana, converténdose en embaixador da República ante o mundo e formando parte do goberno no exilio. O seu labor constante na defensa da liberdade e a súa forte personalidade converteuno nun símbolo da resistencia galega contra o franquismo.

A partir dos anos vinte, Castelao convértese na principal figura da arte galega, tanto na súa faceta de pintor, como nas de caricaturista e ilustrador de libros, sendo tamén un pioneiro do deseño publicitario galego. Destacan neste campo os seus álbums gráficos **Álbum Nós, Atila en Galicia, Galicia mártir, Milicianos** ou **Debuxos de negros**, a maioría deles centrados na represión da ditadura franquista e nas duras condicións de vida das clases populares de Galiza.

A súa produción narrativa iníciase con **Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto**, historia fantástica de carácter crítico e humorístico que conta as vivencias dun esqueleto no mundo de ultratumba.

En 1926 publica **Cousas**, un conxunto de relatos moi breves de carácter popular, acompañados por un debuxo e narrados cun estilo sintético, grandes doses de humor, lirismo e vocación de compromiso coas clases traballadoras que presentan unha temática moi variada: emigración, miseria do campesiñado, crenzas populares, traxedias humanas...[\[V. texto 21\]](#)



Nesta mesma liña, escribe **Retrincos**, un conxunto de cinco relatos algo menos breves, de carácter autobiográfico, nos que evoca lembranzas da súa infancia e da súa mocidade, cunha boa dose de humorismo e de nostalxia.

Os dous de sempre constitúe a súa única novela. Está estruturada ao redor de dous personaxes antitéticos, Pedro, que se move unicamente por instintos primarios e é materialista, conformista e falto de talento e Rañolas, un eivado e de orixe miserábel que é xeneroso e idealista e loita desesperadamente por mellorar como ser humano. A narración, que vai

alternando as historias de ambos os personaxes, con grande variedade de espazos, constrúese mediante unha acumulación de escenas autónomas que lembran a fórmula narrativa de *Cousas*.


2.4.- Os novecentistas. Rafael Dieste




Os novecentistas son un grupo de autores nados no inicio do século XX, representando, por tanto, unha **promoción posterior aos autores das Irmandades e do Grupo Nós** e que desempeñan un importante labor de renovación das letras galegas. Destacan pola súa **actividade poética, moi relacionada co mundo das vangardas**, mais tamén deixan achegas interesantes no xénero narrativo.

O autor máis destacado na expresión en prosa desta xeración, á que tamén pertencen **Bouza Brey, Amado Carballo e Filgueira Valverde**, é **Rafael Dieste**.

É autor dun único, mais fundamental, libro de narrativa: ***Dos arquivos do trasno***. Trátase dun libro de relatos breves no que combina o popular, con argumentos ás veces próximos ás lendas e emprego de recursos propios da narrativa oral (como as interpelacións ao lector) co culto, co uso de artificios técnicos de ruptura do discurso narrativo. Por outro lado, mostra tamén unha síntese entre o cotián, con temáticas vinculadas á súa realidade próxima, e o fantástico, mostrando un gusto polo misterio e polas narracións de asuntos sobrenaturais.[\[V. texto 19\]](#)



2.5.- O ensaio e o xornalismo



O **ensaio** en lingua galega nace e consolídase no inicio do século XX, grazas ao labor das Irmandades da Fala e do grupo Nós. É de contido eminentemente político e cultural; defende as teses do autogoberno galego e procura a divulgación e análise dos distintos sectores da cultura galega, así como das novidades da cultura europea. As súas canles de difusión son os medios de prensa escrita, en especial, ***A nosa terra*** e a **revista Nós**.

Os traballos máis importantes neste campo son os desenvolvidos polos homes do Grupo Nós. Destaca sobre todos eles o libro ***Sempre en Galiza***. Nel, **Castelao** recolle a teoría política elaborada ao longo de varios anos. Supón o fundamento teórico principal do nacionalismo galego, no que se realiza unha defensa radical da identidade nacional de Galiza, baseada na súa realidade histórica, xeográfica, económica, lingüística, cultural... fronte ao modelo centralista do Estado.

Vicente Risco, nos seus ensaios ***Nós os inadaptados***, ***Teoría do nacionalismo galego*** e ***Mitteleuropa*** estuda a evolución ideolóxica do seu grupo xeracional e toca temáticas como o

nacionalismo, o celtismo, o atlantismo, a tradición galega, o cosmopolitismo, as filosofías orientais a sociedade centroeuropea.

Por último, **Otero Pedrayo**, ofrece un ensaio de tipo histórico, xeográfico, de viaxes e de evocación biográfica. En ***Ensaio histórico sobre a cultura galega*** presenta unha síntese do desenvolvemento histórico e cultural de Galiza a través da súa historia.

A revitalización da **prensa** escrita en galego no inicio do século XX é decisiva como canle de comunicación do ensaio, da literatura e de cultura e da política en xeral. Ademais da prensa local e as revistas ilustradas, cobra especial importancia a prensa literaria e cultural. Os políticos e intelectuais galeguistas, conscientes da importancia deste medio para espallar o seu pensamento, crean publicacións de orientación política, como *A Nosa Terra*, ou cultural, como *Nós* e as revistas de perfil vangardista.

A Nosa Terra é o principal órgano de expresión das Irmandades e do Partido Galeguista entre 1916 e 1936. Nela colaboran os principais intelectuais da época. A pesar da súa vocación política, inclúe tamén achegas literarias e ensaios de crítica.

A revista *Nós* é creada en 1920. Pretende modernizar o discurso literario en todos os xéneros, prestando especial atención á narrativa. Un dos seus obxectivos é pór a cultura galega ao mesmo nivel das culturas europeas, accedendo directamente a elas, sen o intermedio do castelán. Emprega con normalidade o galego en disciplinas que até entón estaban monopolizadas polo castelán.

As revistas de vocación vangardista son basicamente literarias, a meirande parte delas bilingües, que recollen o movemento de renovación das artes a nivel europeo en xeral e galego en particular. Destacan *Alfar*, *Ronsel*, *Cristal* ou *Resol*.

3.- Antoloxía de textos

18

Retrato de don Celidonio



Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para abaixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de don Celidonio. Se lle escacharan a testa, tiña que ser con pauferro e picaraña, en lugar dunha sesada habían atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo de Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo os sabañóns, enzoufado no aceite e no bacallau.

Tamén Baldomero García viñera de Castela, vendendo queixo de pé de mulo polas portas, cunha blusa azul curta, cirigolas e chapeu coma o dos charros de Salamanca. Era pequeno, feito de cordas e sarmentos, e tiña a gadoupa enguruñada, adoito para apañar as cadelas.

A poder de pasar fame, puxo unha tenda nun buraco cheirento e escuro, alumado cunha vela de sebo, e durmía na trastenda. Despois ganou e chegou a mercar a casoupa en que vivía. Logo ganou máis, alugou a tenda e mudouse para outra meirande, e trouxo da súa terra a doña Emerenciana, co seu capacho e o seu periquito no cume do peiteado, que metía na praza moeda falsa e rifaba coas regateiras e cos parroquianos, e á Nicasia, a filla, a quen non deixaba medrar a nai, que tiña un xenio coma un can adoecido.

Os tres cheiraban a bravío, coma as cabras. Mais a forza de fame, aforraban e daban réditos. E chegaron a mercar outra casa na Praza Maior. E despois ganaron máis, e mercaron a casa en que vivían e tiñan a tenda e as rendas dun señor velliño que alí morreu e que lles debía cartos.

E fóronse achinando. A larota era boa, mais o negocio ía para diante, e por fin arriscáronse a levar a tenda para a Praza Maior, xa que non tiñan que pagar aluguer. Daquela foi cando trouxeron ao Celidonio.

VICENTE RISCO, *O porco de pé* (1928)

Nova York é noso

O neno tiña algo que lles dicir ós outros nenos que andaban a enredar con el na beiramar. Tiña algo que lles dicir, pero non remataba de dicilo. Por veces poñía cara de malo, cheo como estaba daquel orgullo que non certaba a deixar ceibe. Ata lle rabuñou a outro, así nun pronto, a lle brincar na cara os lampos dunha íntima fogueira. Esbandallaba todos os xogos con aquel seu desacougo, mesmo como de gato alporizado por veciñanza de treboada. Era un raro rebuldar o seu, con súpetos enlevos.

Seu pai chegara aquel mesmo día de Nova York e os demais nenos non lle preguntaban nada, nin lle facían máis mimos e respectos ca outros días. Quizais por iso, porque a pregunta non chegaba, foi polo que rabuñou a quen el coidaba que calaba adrede. Sacou do peto un asubío noviño, de forasteira feitura e moito rebruñado, e púxose a chifrar cheo de coraxe. Non o quixo emprestar a ninguén e gardouno outra volta no peto, domeándose moito ó enfonadar a man para demostrar un peto fondo, coma os petos en que se gardan as mellores cousas. Arredor dos seus ollos bulía un sorriso dubidoso, ninguén sabe se malo ou suplicante. Mais non lle preguntaron nada.



Seu pai chegara de Nova York aquel mesmo día. Vírao desembarcar no peirao vello. Traxe azul. Viseira de carei. A cara forte coma unha proa. Branco e grande o dentamio. nos ollos, afeitos a longanías e grandes rumbos, ningunha fachenda.

Houbo un intre en que o fillo do navegante andou a rentes do chorar. E as súas bágoas dispararíanse como frechas quente e coraxudas. Pero non chorou. Ergueuse con máis cara de malo aínda, o peito en arco, a manciña pechada, os labres tremere. Ergueuse así, garboso, o neno e dixo soamente:

—Nova York é noso!

RAFAEL DIESTE, *Dos arquivos do trasno* (1926)

Adrián e a lingua

No cuartiño, chamado dende os tempos do pai o despacho, había unhas ducias de libros galegos do dezanove. Primeiras edicións, inxenuas de formato e decoración, saídas das imprentas escuras de Ourense, de Santiago, de Ferrol. [...] Adrián lía, novamente, os poetas que de neno o fixeran chorar, non sabía por que. Despois, en Madrid, tivera vergonza daquelas bágoas.

Agora Solovio sabe moi ben a razón daquelas bágoas e non se avergonza delas. De noite, á luz dunha candeia, acompañado pola música da chuvia nos vidros, Adrián percorría un a un os poemas dos *Queixumes*. En Europa, en cuartos confortables, ao pé das rúas onde se fai a actualidade do mundo, Adrián lera os poetas novos. Non lle producían a impresión do pequeno libro esquencido na alcoba da casa vella, perdida na campá galega. Xurdía unha afirmación de raza e de lingua.

Ao correr do inverno Adrián falaba sempre galego cos labregos. Gozaba nas latricadas do señor Bieito de Medelo, particularmente. Era vello, vivía nunha casa limpa e terrea nun recuncho, o máis escondido do val, entre penedos e piñeiros. [...] O home tiña unha fala na aparencia ruda e lonxana, e nela as verbas perdían individualidade na rexa fábrica das frases. Mais deseguida se advertía a fermosura e o tino das palabras, sinxelas, expresivas, pintorescas, unhas dun sintetismo completo, outras feitas de matices, incomparables para expresar os momentos decorrentes e fuxitivos da vida e do mundo.



Algunhas veces Adrián coidaba ouvir un baixo latín cheo de mocidade e de futuridade. No comercio cos labregos, o esperto senso crítico de Solovio aprendeu ben pronto a falsidade dunha afirmación na que el, por costume e preguiza, participara: a de ser o galego unha lingua vella, unha ruína, non doada para conter nin fecundar unha idea moderna, impropia para a Técnica e para a Filosofía, por exemplo. Pois desde que Adrián falaba galego sentía todo o seu ser renovado, non tiña que loitar contra a lingua demasiado feita e traballada que lle impuña unha retórica moitas veces enxoitadora do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión había unha garantía de mocidade. Tampouco ollaba a morte diaria do galego nos beizos dos paisanos que falaban castelán por influencia da cidade e de América. Era un castelán exterior e falso. Na construción da frase, no acento, na alma das verbas falaban galego disfrazado doutra cousa transitoria.

RAMÓN OTERO PEDRAYO, *Arredor de si* (1930)

Se eu fose autor

Se eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

Lance primeiro

Érguese o pano e aparece unha corte aldeá. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ao redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello patrucio e tres nenos louros. Todos choran a fío e enxoitán os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgraza. O pranto debe ter unha graza choqueira, para que estoupén de risa os do «patio de butacas».

E cando se farten de rir os señoritos, baixará o pano.



Lance segundo

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ao seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitán as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixerón os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño.

CASTELAO, *Cousas* (1926)

ENSAIO

Lería (Vicente Risco, 1961) (miscelánea de textos filosóficos, críticos e literarios, que reúne traballos realizados dende 1920 a 1955)

Da medida das cousas.

”Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fose o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sur, do leste para o oeste noutro tanto; poderala volver andar outra vez e máis: non a has dar andado. E de cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos. Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras, e dende logo, moito meirande de como ti a ves. ¿Non din os filósofos que o home é o “microcosmos”, o compendio, o resumo do universo todo? Para canto máis unha terra con todos os homes que nela viven, un pobo que, se cadra, é unha sorte de Adam Kadmon... Do grandor do teu espírito depende todo; canto máis pequeno sexa, máis terra precisará. Se o teu pensar é fondo, a túa terra, para ti, non terá cabo; nela estará o mundo con todos os seus climas. Se o teu pensar se detén na codia das cousas, non digas tampouco: Galicia é ben pequena, es ti, que endexamais poderás concibir nada grande.”

Teoría do nazionalismo galego (Vicente Risco, 1918)

Galiza é unha nación:

”Galiza é unha nación. Galiza é un feito xeográfico e histórico que non se poden negar. Galiza é un organismo vivo, que, polo feito de selo, ten dereito á vida.

”Nós temos a obriga ineludible de desenrolar o seu xenio nacional na fala, na arte, no pensamento, no dereito, no traballo e de botar abaixo tódolos impedimentos que se opoñan a elo /.../ Galiza pra ser enteiramente ceibe necesita dunha vontade nacional, cómprelle un ‘querer’ de tódolos galegos de ser nación. E nós temos o mandado de crear en Galiza, ise querer ser nación, en ardoroso pelerinaxe de fe, en culto relixioso pol-o ideal, chegando a toda-las concencias e mergullándose en tódolos camiños” /.../

***Nós, os inadaptados* (Vicente Risco, 1933)**

Fragmentos.

I. Eu caracterizaría ós homes do meu tempo preocupados polas cousas do espírito, dicindo que eramos -e somos- os auténticos vencidos da vida (...) insatisfeitos, non conformistas, decote rebeldes. Vencidos da vida por inadaptados. (...) Efectivamente: introvertidos fomos ata non chegar a nós o galeguismo.

II. Os inadaptados son por definición os insatisfeitos do mundo sensible, os inimigos da realidade cotiá, os que procuran fuxir do medio que os rodea. De aquí a concepción da arte como evasión. (...) A nosa rebeldía consistía en segregármolos espiritualmente da sociedade, desapegármolos das súas tendencias e dos seus problemas, isolármolos na nosa alteirosa indiferencia dos seus afáns e trafegos, das loitas e porfías e a comprímo-lo noso rol sen ledicia e sen pena, e principalmente sen interés ningún.

III. Eramos sinxelamente individualistas. (...). Non hai máis que ve-lo diferente significado que agora e entón ten e tiña a verba nós. Cando un do meu tempo dicía nós, se non refería endexamais ós da súa xeración, nin ós da súa clase; referíase decote a un pequeno agrupamento identificado no pensar e no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo (...)

X. Ora o problema é cómo sendo como eramos e como somos, individualistas, inadaptados, antisociais, antigregarios, introvertidos, puidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria, como é o nacionalismo galego que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega. A resposta está dada, moito mellor do que eu puidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela *Arredor de si*.

Arredor de si, máis que unha novela, é a autobiografía non dun só home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor ó que eu pertencín tamén. Polo seu mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andou todo o tempo dando voltas arredor de si -e cada un arredor de si mesmo- sen atoparse endexamais de todo.

(...) Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galicia, a nosa Terra, oculta ó noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andabamos a procurar por aí adiante.

***Ensaio histórico sobre a cultura galega* (Otero Pedrayo, 1930)**

Santiago.

A historia do mundo concreta a súa enerxía criadora nalgúns cidades selectas, e se, no mapa da conciencia moderna, Roma é a forza, París é a escola, Florencia a gracia e Londres a orde, Santiago é a fe, pero a fe vestida cunha evocación de soño e un camiño cara ó descoñecido. Ó mellor podía escribirse unha historia do mundo citando unha soa cidade: Compostela. Ela sen forza política e sen autoridade dogmática dinamizou o occidente, a peregrinación creou o camiño, e o camiño, ligando, elevando e afirmando as diversas xentes de Europa, foi vieiro de perfección da conciencia europea”.

***Sempre en Galiza* (Castelao, 1944)**

- Propóño-me demostrar que Galiza é unha unidade nacional perfecta, e que, polo tanto, ten dereito a dispor dos seus destinos.

- A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.
- A cidade cree que fóra dela non hai máis que paisaxe, patacas, e leite...; ignoran que tamén existe unha cultura nobre, antiquísima e insobornable.
- A vergonza é peor que a fame.
- O verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anseios en realidades, as ideas en feitos.
- ¿Con que dereito se nos obriga a deprendermos a lingua de Castela e non se obriga aos casteláns a deprenderen a nosa?
- Concebimos a Hespaña como un soio estado, constituído polo libre consentimento de catro pobos: Castela, Cataluña, Euzcadi e Galiza.
- E somentes preservando as nosas enerxías autóctonas, a nosa capacidade creadora, é como poderemos contribuír á civilización universal incorporando a ela as nosas creacións inéditas.
- O galego é a forma máis antiga das linguas neolatinas de Hespaña e a primeira que alcanzou un pleno desenrolo literario.
- A dominación de Galiza endexamais será efectiva entrementras fale un idioma diferente do castelán.
- Chegan a decir que o problema galego igual que o vasco e catalán, depende da solución que acorde a maioría dos hespañoes... ¡Estábamos aviados
- O pobo é somentes soberán o día das eleccións.
- O idioma imposto non logrou matar o seu idioma natural; pero logrou degradalo.
- Os ingleses aldraxan aos escoceses; os franceses aos bretóns; os casteláns aos galegos. E todos eses aldraxes non son máis que un recoñecemento tácito do "carácter nacional"
- Nós queremos ser hespañoes, pero a condición de que este nome non nos obrigue a sermos casteláns.
- Pero dentro de Portugal quedounos a metade da nosa terra, do noso espírito, da nosa lingua, da nosa cultura, da nosa vida, do noso ser nacional.
- Unha lingua é máis que unha obra de arte; é matriz inagotable de obras de arte.
- Non hai máis solución que o federalismo para chegar á paz do mundo.
- Se a cultura é o mellor froito da nación, será preciso recoñecer que non hai vida nacional única onde existan diversas culturas.
- Non: o internacionalismo eficaz non deserta das patrias, senón que as transforma en órganos dunha nova humanidade.
- Galiza foi un Reino independente até o século XV e despois gozou das ventaxas do réxime autónomo até ben entrado o século XIX.
- Galiza soio merecerá respecto cando abandoemos a nosa mansedume, despois de saber o que fomos, o que deixamos de ser e o que seríamos con vida independente.
- Somos tan galegos hoxe como éramos no século XV, antes de sermos asoballados polos "Reis Católicos".
- Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.
- Porque a verdadeira tradición non emana do pasado, nin está no presente, nin se alvisca no porvir; non é serva do tempo. A tradición é a alma eterna de Galiza, que vive no instinto popular e nas entrañas graníticas do noso chan. A tradición non é a historia. A tradición é a eternidade.
- Para nós, os galegos, afeitos a percorrermos o mundo e a convivir con tódalas razas, o nacionalismo racista é un delito e tamén un pecado.
 - Se eu agora tivera nas mans a posibilidade de independizar a Galiza non dubidaría en aceptar esa posibilidade para salvar a miña Terra do terrorismo falanxista e para decirlles a tódolos hespañoes desterrados: "Vinde a este anaco de terra hispana para vivirdes en liberdade".